



BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2021

Artigo 1. O servizo de CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2021 é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

Como xa aconteceu en 2020, as circunstancias derivadas da crise sanitaria da COVID-19 fan moi necesario poder ofertar un recurso de conciliación para as familias de Vilagarcía e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos nenos e nenas que lles permita beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dun espazo de ocio orientado a favorecer o seu benestar físico e emocional.

Deste xeito, a oferta comprenderá actividades que se levarán a cabo coas adaptacións necesarias en canto a limitacións de ocupación máxima nas instalacións xuvenís ofertadas, reforzo das medidas hixiénico sanitarias e incremento das ratios monitor/participante para unha prestación do servizo máis eficiente e con todas as garantías.

Trátase de proporcionar unha alternativa de ocio saludable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribuen ao reforzo dos contidos educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período estival, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

Ante a situación xerada pola crise do Covid 19, consideramos necesaria unha volta a unha relativa normalidade, seguindo sempre as directrices e os protocolos a adoptar que nos veñen recomendados dende o Ministerio de Sanidade co obxecto de que as distintas actividades se realicen dende o máximo de seguridade e prevención de contaxios. Agora máis que nunca é necesario proporcionar alternativas de conciliación da vida familiar e laboral, así coma que os máis novos podan desfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquedanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

Trátase de espazos seguros de encontro, comunicación e diversión, que garanten, agora máis que nunca, o acceso ao ocio e o dereito á participación dos/as nenos e nenas e mozos e mozas e que ao mesmo tempo favorecen a adquisición de hábitos saudables no seu tempo libre e de prevención de condutas de risco nesta etapa da súa vida.

Os campamentos urbanos permiten aproveitar as vacacións para o goce do tempo libre, activa cauces de participación en actividades educativas inmersivas, sempre buscando o desenvolvemento persoal e o enriquecemento vital dos/as participantes, mediante a adquisición de experiencias e aprendizaxes que favorecen a súa autonomía.

As experiencias adquiridas a través da diferente oferta campamental inclúen procesos de ensino e aprendizaxe coa finalidade de contribuir á mellora das súas habilidades sociais e intelixencia



emocional, proporcionándolles unha formación básica nunha etapa crucial do seu desenvolvemento. Os Campamentos Urbanos intentan, ademáis, contribuir a la conciliación de la vida familiar y profesional.

As presentes bases públicas rexirán o proceso de inscrición, elaboración de listaxes e confirmación de prazas no servizo de Campamentos Urbanos promovidos polo Concello de Vilagarcía.

Artigo 2. Destinatarios/as e requisitos de acceso

2.1. Destinatarios/as.

- a) O Servizo está dirixido a 42 nenos e nenas nados entre o **1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2017**, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou estean nunha situación de ERTE. No caso de nenos/as non empadroados, os/as pais, nais ou titores terán que demostrar o desempeño da súa actividade laboral no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Será requisito de acceso imprescindible que ámbolos dous proxenitores podan acreditar a súa situación de ocupación. Para acreditar esta situación, os proxenitores deberán presentar unha declaración xurada xunto coa solicitude de que os dous manteñen unha situación de ocupación, ben por conta allea, ben por conta propia ou estar sometidos a un ERTE. A Administración comprobará de xeito aleatorio esta situación para o que pedirá documentación acreditativa deste feito así como calquera outro que considere necesario no relativo ao cumprimento dos requisitos de acceso ao programa.

- b) Das 42 prazas, 4 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello.
- c) Terán acceso directo ao servizo, as unidades familiares, nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero
- d) O/a solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa
- e) Non poderán participar nos Campamentos Urbanos de Verán as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo técnico das actividades (sexan contratados ou persoas voluntarias), así como para os nenos/as participantes.

•Se a persoa é diagnosticada positiva por COVID-19.



- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.

- Estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación.

2.2. As persoas dos equipos técnicos, así como o pai/nai ou titor dos/as participantes en calquera dos Campamentos Urbanos deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos:

a) Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.

b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.

c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Artigo 3.- Organización do servizo e protocolos prevención COVID 19

Os 42 nenos e nenas serán distribuídos en 7 subgrupos de 6 nenos/as, por idade, en consonancia cos protocolos de seguridade establecidos polo Concello en base as normativas do Ministerio de Sanidade e as Consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e da Consellería de Política Social.

Estes grupos estarán en todo momento supervisados aos efectos de cumprimento destes protocolos e non interactuarán con outros grupos. En todo momento se seguirán estas normativas fixadas, de xeito, que poden ir implementándose as accións destes protocolos e segundo as novas directrices que se vaian adoptando en función da evolución da pandemia de COVID 19 chegando incluso á suspensión de actividades previstas na programación en todo ou parte do campamento de ser necesario.

Os proxenitores en todo momento, terán dereito a estar informados destes protocolos iniciais e dos cambios que se realicen nos mesmos durante o desenvolvemento do programa.

En todo caso, están obrigados a informar ao Concello de calquera eventualidade que se dea dentro do seo da unidade familiar relacionada con esta enfermidade durante todo o desenvolvemento do servizo.

Os proxenitores elixirán na solicitude, praza por orde de preferencia de centro.

Artigo 4. Lugar e Data.

O Campamento urbano desenvolverase de luns a venres durante o mes de xullo (do 1 ao 30 de xullo) e de luns a venres do mes de agosto (do 2 ao 13 de agosto) en dous centros educativos:

CEIP AREALONGA

CEIP O PIÑEIRIÑO



O CEIP Arealonga albergará 4 grupos e o CEIP O Piñeiriño 3 grupos.

Artigo 5. Horario.

O horario establecido será de 9.00 h a 14.00 h establecendo un tempo de lecer e de merenda a media mañá. A entrada no servizo realizarase a través de dúas filas separadas (unha para cada grupo seguindo as indicación dos/as monitores/as e as liñas de separación colocadas no chan)

Artigo 6. Inscripción

6.1. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

Prazo de presentación de solicitudes será: do **15 ao 22 de xuño**. A solicitude para poder participar nos campamentos deberá presentarse **completa e con toda a documentación** no rexistro municipal, ben de forma presencial en horario de 8.30 a 13.45 h ou de forma telemática a través da sede electrónica: www.sede.vilagarcia.gal

Os proxenitores elixirán na solicitude, praza por orde de preferencia de centro.

6.2. Documentación a presentar

1. Solicitude de inscrición
2. Copia do DNI dos proxenitores e do/a menor (de non ter DNI, folla correspondente do libro de familia)
3. Autorización para a participación do/a menor na actividade
4. Cuestionario médico sanitario
5. Folla de matrícula
6. Declaración xurada da situación de ocupación
7. Documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, xunto co acordo regulador ou resolución judicial sobre as medidas paterno filiais (de selo caso)
8. Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor, para os efectos da selección axeitada do persoal de apoio que vai necesitar (de selo caso)
9. Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal (de selo caso)
10. Declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos:
 - a) Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.



- b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

IMPORTANTE:

A sinatura da solicitude implica o coñecemento e acatamento das bases do servizo (incluídos os protocolos de actuación anti Covid-19). As solicitudes que non presenten a documentación acreditativa para o acceso ao programa, no caso de obter praza a través da orde de entrada do rexistro de entrada, quedarán excluídas de non seren completadas antes do acceso ao programa. A administración local en calquera momento poderá pedir información e /ou máis documentación que permita comprobar a veracidade dos datos incluídos na mesma.

Artigo 7. Proceso de selección e adxudicación de prazas

7.1. Selección dos/as participantes e listas de espera.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, elaboraranse as listas con todos/as os/as solicitantes inscritos/as. A adxudicación das prazas será por orde de entrada no rexistro do concello e de haber máis solicitudes que prazas elaborárase unha lista de agarda seguindo a orde de entrada no rexistro.

O día 25 de xuño publicaranse as listas coas persoas admitidas para cada quenda de Campamento Urbano na páxina www.sede.vilagarcia.gal

Os/as solicitantes admitidos/as deberán CONFIRMAR a súa praza. Esta confirmación deberá realizala o pai, nai ou titor/a legal do/a menor. A confirmación da praza debe realizarse na Concellería de Xuventude a través dos correos xuventude@vilagarcia.gal, omix@vilagarcia.gal ou do teléfono 986099200 ext.212 e o prazo de confirmación será o comprendido entre 25 e o 27 de xuño.

No caso de que a praza non sexa confirmada, entenderase que foi rexeitada e pasará a ser ocupada polo/a seguinte solicitante da lista de espera segundo a orde de entrada da solicitude no rexistro. A confirmación de praza nos Campamentos Urbanos supón a aceptación das bases que rixen esta actividade.

Artigo 8. Seguemento e Avaliación.

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunha memoria final.



ANEXO I

Normas para o bo funcionamento do servizo de CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2021

- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matrícula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Así mesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.
- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas e no caso dos/as nenos/as de seis anos en diante con dúas mascarillas para uso diario.
- 3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos ou síntomas compatibles co COVID- 19 deberá quedar na casa e seguir o protocolo estipulado no punto 2.1. apartado e) das presentes bases.
- 4- Os/as nenas deberán cumprir o horario acordado co servizo. En caso de variación deberá ser comunicado ao servizo.
- 5- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada.
- 6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, en bolsa individual, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as. En ningún momento se enviarán alimentos para compartir.
- 7- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os/as técnicos/as do servizo.

Dereitos dos/as usuarios/as:

- Acceder ó servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos/as demais usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

Obrigas dos/as usuarios/as:

- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- Cumprir rigorosamente os horarios de entrada e saída.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.



RECOMENDACIÓNS XERAIS

Non poderán participar no campamento o neno/a participante:

- Se é diagnosticado/a positiva por COVID-19.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Se estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersoal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 10 días previos á súa participación.

A nai/pai ou titor legal deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde do neno/a participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
- b) Aceptación, tras información previa por parte da organización, das condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da Escola de Verán.

Os nenos e nenas que presenten condicións de saúde que os fagan máis vulnerables para COVID-19 (por exemplo, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, diabetes, inmunodepresión ou hipertensión arterial) poderá acudir ao Escola de Verán, sempre que a súa condición clínica estea controlada.

As familias vixiarán o estado de saúde e farán unha toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para a escola de Verán. Si o neno ou nena tivera febre non poderá asistir e debe de notificalo a organización.

ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19

Na situación actual de transmisión comunitaria pola que estamos pasando temos que ter en conta que todas as persoas con síntomas compatibles son posibles casos de COVID-19. A identificación producírase mediante observación e o seguimento dos participantes.

Existirá unha coordinadora COVID19 externa, que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento.

En caso de que, durante o período de actividades, un neno ou nena inicie síntomas (tose, febre, dificultade para respirar, etc) se lle levará a un espazo separado e se chamará a coordinadora COVID19, que quedará co neno/a ata que cheguen os seus proxenitores ou titores, que deberán acudir o antes posible. Facilitárselle unha máscara quirúrxica para o neno ou nena.

O persoal monitor encargado do grupo no que estivese o neno ou nena e a coordinadora COVID19, encargaranse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a. Mentres



non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DE HIXIENE

- O acompañamento por parte dos pais ou titores do/a menor participante tense que facer con máscara e seguindo as indicacións sinalizadas en cada centro e sempre mantendo unha distancia de 2 metros ata a entrada ao recinto onde pode deixar o neno ou nena. O neno ou nena deberá vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.
- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, de maneira que non estean en contacto coas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Tanto os monitores/as como os participantes aseguraranse de levar sempre consigo unha máscara limpa, para o seu uso en caso de non poder garantir a distancia de seguridade. Os nenos e nenas maiores de 6 anos deberán traer dúas máscaras metidas en bolsas individuais, de maneira que lle facilite ao neno/a collelas e gardalas, sen que se produza contaminación do resto das súas pertenzas.
- Con antelación ao inicio da actividade, farase unha formación a todo o equipo de traballo implicado, para que leven a cabo de maneira eficaz e coordinada todos os protocolos vixentes.
- Adaptaranse as actividades as medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias e revisaranse as actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.
- Á hora de realizar as actividades específicas da programación, tentarase que estas se leven a cabo en espazos ao aire libre.
- Ao inicio do campamento o equipo de monitores/as farán unha charla informativa aos menores participantes, sobre como cumprir as medidas de seguridade e prevención. Farase fincapé principalmente na responsabilidade individual e a importancia de seguir as normas de hixiene e convivencia.
- Reforzarase visualmente a formación coa carteleira informativa nos espazos clave dos centros (entradas e saídas, lavabos, etc).
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas e realizarase tras cambiar de actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo, así como despois de esbirrar, tusir ou sonarse o nariz.
- Manteranse, sempre que sexa posible, as portas abertas para evitar o contacto cos tiradores, ademais de permitir a ventilación dos espazos pechados nos que se desenvolvan as actividades.



- Utilizaranse desinfectantes con actividade viricida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.
- A comida non poderá ser compartida. Ademais non se realizarán actividades que impliquen compartir comida ou coller obxectos coa boca ou similar. Tampouco se levarán a cabo obradoiros de cociña.